



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28/04/2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

(abandona a sesión ás 12 horas e 30 minutos, no punto nº 12 da orde do día: rogos e preguntas)

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e Interventora Municipais.

A Secretaria accidental:

D^a Eva Guerrero Rico

A Interventora:

D^a. Lucia Varela Martínez.

Non asiste (xustificando a ausencia):

D^a Rocío Souto Torre

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 31/03/2022

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

SESIÓN ORDINARIA 31/03/2022

(Expediente TEdC: 2022/G006/000077)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 31/03/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 31/03/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; dos concelleiros do Grupo Municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e do concelleiro o Grupo Municipal do BNG (1): D. Luis Pena Mosquera; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE: D. Joshua Dopico López por non estar presente na sesión do 31/03/2022, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 31/03/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

2.- REGULAMENTO ACOLLEMENTOS CIVÍS CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 25/04/2022, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de abril de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000007

Sesión nº: 42/2019-2023

2.- ORDENANZA ACOLLEMENTOS CIVÍS CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Expediente: 2021/G013/000004

Visto que foi asinado polo Sr. Alcalde o Borrador do "Regulamento de acollementos civís do Concello de Ponte deume" con data 07/12/2021, á que se da cumprimento do preceptivo trámite



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de consulta pública previa, para o cal o expediente de "Consulta pública previa do Regulamento de acollementos civís do Concello de Ponte deume" con todos os seus documentos, estivo exposto ao público durante os 15 días naturais.

Tendo en conta que o anuncio de "Regulamento de acollementos civís do Concello de Ponte deume" estivo exposto ao público durante 15 días hábiles: - No taboleiro de anuncios do Concello dende o 17.12.2021 ata o 03.02.2022 ambos inclusive. - No taboleiro de anuncios da Sede electrónica dende o 18.01.2022 ao 03.02.2022 ambos inclusive. - Na páxina web dende o día 17.12.2021 ata o 13.01.2022 - E salvo erro ou omisión, non constan presentada no Rexistro Xeral do Concello ningunha alegación nin suxestión.

Visto o certificado da Secretaría do resultado da exposición pública emitido con data 16/02/2022.

Tendo en conta o informe preceptivo da Secretaría Xeral emitido con data 09/03/2022, sobre o procedemento aplicable e a lexislación a seguir.

Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte, **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o "Regulamento de acollementos civís do Concello de Ponte deume", do seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

No ano 2009 cumpríronse os 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e os 20 anos da Convención de Dereitos do Neno, ambas aprobadas pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento dos mesmos, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio e lecer, etc.

Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político e social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos mais cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É así como o concello de Ponte deume leva xa moitos anos fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia.

Os 'acollementos civís' ou 'actos de benvida á comunidade' dos nenos e nenas de Ponte deume institucionalizan o compromiso do concello cós seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración universal dos dereitos do neno de 1959 e coa Convención sobre os dereitos do neno de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

maniféstase no compromiso dos pais ou representantes legais, xunto cos padriños e/ou madriñas, con estes valores, para que os cativos se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

Artigo 1.– Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social denominado 'acollemento civil' ou 'acto de benvida á comunidade', en cuxa virtude o concello fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Ponte deume, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e garantir os seus dereitos.

Artigo 2.– Finalidade.

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e sexan partícipes dos dereitos, as liberdades e os deberes que a todos nos atinxen.

Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do municipio por avanzar cara unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos dos nenos gocen dunha protección preferente.

Artigo 3.– Réxime xurídico.

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupon ningún privilexio ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, réxese polas normas recollidas neste regulamento, así como por outras que, con carácter complementario, se poidan ditar.

A inscrición no rexistro de acollementos civís non terá en ningún caso cualificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que foran realizados no Concello de Ponte deume.

Artigo 4.– Suxeitos.

Este acto social está dirixido aos nenos e nenas do concello de Ponte deume.

Artigo 5.– Requisitos.

Os acollementos realizaranse previa solicitude dos pais, nais ou titores legais, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Que as persoas obxecto do acollemento vivin sexan nenos e nenas menores de idade*
- b) Que as persoas solicitantes teñan a condición de pais, nais ou representantes legais do menor e manifesten o seu consentimento.*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

c) Que algunha das persoas solicitantes sexa natural ou figure empadroada no Concello de Ponte deume.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños ou madriñas na cerimonia, asumindo as ditas persoas os compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 6.– Procedemento.

Presentación dunha instancia no Rexistro xeral do concello solicitando a participación no acto social asinada polos representantes legais do menor, achegando unha copia cotexada dos documentos nacionais de identidade e do libro de familia/documento acreditativo da dita representación legal (certificación de nacemento do menor, acollemento ou adopción). A acreditación dos datos padroais farase de oficio polos servizos municipais.

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento. Deberá ser presentada con 30 días naturais de antelación, no Rexistro de Entrada do Concello, achegando tamén os documentos de identidade dos solicitantes.

Se a solicitude non reunise todos os requisitos, o Concello comunicará ás persoas interesadas a non procedencia da súa tramitación, e se lles facilitará un prazo de 15 días para que resolvan as deficiencias da súa solicitude. No caso de que a solicitude estea completa tramitarase a petición, comunicándose ás persoas solicitantes, no prazo dun mes, o día e o lugar de celebración do acto.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños e/ou madriñas na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto a formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 7.– Celebración.

O acto de celebración do acollemento civil terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello ou noutra sala habilitada, e será presidido polo alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.

Procederase á lectura ao neno/a e aos seus representantes legais e padriños/madriñas dalgún artigo da Declaración dos Dereitos do Neno/a, dos artigos 12 e 27 da Convención sobre os Dereitos do Neno/a, do artigo 24 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, e dos artigos 39.3 e 39.4 da Constitución Española, sen prexuízo da posibilidade de que as persoas solicitantes, padriños, madriñas ou autoridades poidan ler algún outro artigo ou texto relativo á natureza do acto.

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen neste texto e nas demais normas vixentes no estado español.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que impoña o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O presidente/a, ou persoa en quen delegue, levantará acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños e/ou madriñas. Un exemplar da devandita acta será custodiado polo Concello de Ponte deume.

Artigo 8.– Protección de datos.

O tratamento automático dos datos que constan no concello requirirá o consentimento expreso das persoas que ostenten a patria potestade do/a menor e, en todo caso, as actuacións respectarán estritamente a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e transcorra o prazo de quince (15) días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CIVIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Don/dona
....., con documento de identidade n.º, e don/dona
....., con documento de identidade n.º
....., empadroados en

EXPOÑEN:

1. Que como pais/nais/titores da persoa menor de idade desexan celebrar o seu acto de acollemento civil.
2. Que reúnen todos os requisitos esixidos no artigo 5 do Regulamento de acollementos civís.

SOLICITAN:

A celebración do acto de acollemento civil para o día de de 20....

Asdo. (os solicitantes)

Documentos que achegan (risquen a correspondente):

Fotocopia cotexada do Documento de identidade das persoas solicitantes

Fotocopia cotexada do libro de familia ou certificación de nacemento, acollemento ou adopción.

Sr alcalde do Concello de Ponte deume”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Someter o antedito Regulamento municipal a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Ponte deume co obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición das interesadas na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

A Presidencia abre a quenda para o debate ... // ...

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 6 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE (5): D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D^a Raquel Caruncho Corral; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D. Luis Pena Mosquera, concelleiro do grupo municipal do BNG, quen non considera axeitado o texto do artigo 7, no que se indica “...//...Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e nas demais normas vixentes no estado español...//...”, xa que considera que non todo o mundo podería asumir o texto “e nas demais normas vixentes no estado español.”, poñendo como exemplo que é difícil que todo o mundo acepte o compromiso de educar aos nenos nunha norma monárquica, polo que propón a substitución do texto “...//...e nas demais normas vixentes no estado español.”, que considera innecesario, polo seguinte: “...//...e baixo os usos e costumes da nosa comunidade”

De seguido, toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro, quen di que entende que as normas son de obrigado cumprimento para toda a cidadanía, e que, ao igual que cando se toma posesión do cargo de concelleiro e concelleira, os padriños e madriñas poderían acollerse á fórmula “por imperativo legal”. Indica que a redacción non foi do goberno e que debería ser na comisión informativa onde se tivera feito a proposta.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Luis Ángel Pena Mosquera, concelleiro do Partido Popular, di que lle parece correcta a redacción, en tanto que as normas son de obrigado cumprimento.

O Sr. Presidente propón un receso, aos efectos de facer unha consulta á secretaria xeral, sobre o expediente.

Suspéndese a sesión sendo as 12h13min.

Reanúdase a sesión sendo as 12h18min.

D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente propón a substitución do texto "...//...e nas demais normas vixentes no estado español." polo texto "...//...e na lexislación vixente"

O Sr. Pena Mosquera di que non o ve necesario recoller o que propón o alcalde porque xa ven reflexado no párrafo anterior e pide que conste en acta a súa proposta, a seguinte: substituir: "...//...e nas demais normas vixentes no estado español.", por: "...//...e baixo os usos e costumes da nosa comunidade", xa que lle parece difícil que todo o mundo poda formular o compromiso conforme está redactado o texto que se presenta. Anuncia o voto a favor no caso de que se modifique o texto conforme á proposta do seu grupo se non, absteranse.

D. Bernardo Fernández Piñeiro propón a emenda do texto conforme ao xa indicado con anterioridade, o seguinte:

substituir o texto seguinte parágrafo do artigo 7:

"...//..."

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e nas demais normas vixentes no estado español.

"...//..."

polo texto:

"...//..."

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e na lexislación vixente

"...//..."

O Sr. Díaz González di que está de acordo coa emenda introducida polo Sr. Alcalde.

De seguido, sométese a votación a EMENDA proposta polo Sr. Alcalde, quedando **ADOPTADO** o **ACORDO** de **EMENDA** do texto da ordenanza, por **maioría de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 dos concelleiros do Grupo Municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera, conforme ao seguinte:

substituír o texto seguinte parágrafo do artigo 7:

“...//...”

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e nas demais normas vixentes no estado español.

...//...”

polo texto:

“...//...”

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e na lexislación vixente

...//...”

De seguido, sométese a votación a proposta de acordo EMENDADA, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o “Regulamento de acollementos civís do Concello de Ponte deume” , do seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

No ano 2009 cumpríronse os 50 anos da Declaración Universal dos Dereitos do Neno e os 20 anos da Convención de Dereitos do Neno, ambas aprobadas pola Asamblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento dos mesmos, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio e lecer, etc.

Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político e social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos mais cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

así como o concello de Ponte deume leva xa moitos anos fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar da súa infancia.

Os 'acollementos civís' ou 'actos de benvida á comunidade' dos nenos e nenas de Ponte deume institucionalizan o compromiso do concello cós seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración universal dos dereitos do neno de 1959 e coa Convención sobre os dereitos do neno de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con esta cerimonia preténdese iniciar aos nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que lles conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo maniféstase no compromiso dos pais ou representantes legais, xunto cos padriños e/ou madriñas, con estes valores, para que os cativos se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

Artigo 1.– Obxecto.

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social denominado 'acollemento civil' ou 'acto de benvida á comunidade', en cuxa virtude o concello fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Ponte deume, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e garantir os seus dereitos.

Artigo 2.– Finalidade.

O acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e sexan partícipes dos dereitos, as liberdades e os deberes que a todos nos atinxen.

Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do municipio por avanzar cara unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos dos nenos gocen dunha protección preferente.

Artigo 3.– Réxime xurídico.

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón ningún privilexio ou preferencia do neno ou nena acollido no acceso aos servizos municipais.

O rexistro municipal de acollemento civil ten natureza administrativa, réxese polas normas recollidas neste regulamento, así como por outras que, con carácter complementario, se poidan ditar.

A inscrición no rexistro de acollementos civís non terá en ningún caso cualificación xurídica de acto, e unicamente será unha constatación administrativa dos acollementos civís que foran realizados no Concello de Ponte deume.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo 4.– Suxeitos.

Este acto social está dirixido aos nenos e nenas do concello de Ponte deume.

Artigo 5.– Requisitos.

Os acollementos realizaranse previa solicitude dos pais, nais ou titores legais, que deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Que as persoas obxecto do acollemento vivan sexan nenos e nenas menores de idade
- b) Que as persoas solicitantes teñan a condición de pais, nais ou representantes legais do menor e manifesten o seu consentimento.
- c) Que algunha das persoas solicitantes sexa natural ou figure empadroada no Concello de Ponte deume.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños ou madriñas na cerimonia, asumindo as ditas persoas os compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 6.– Procedemento.

Presentación dunha instancia no Rexistro xeral do concello solicitando a participación no acto social asinada polos representantes legais do menor, achegando unha copia cotexada dos documentos nacionais de identidade e do libro de familia/documento acreditativo da dita representación legal (certificación de nacemento do menor, acollemento ou adopción). A acreditación dos datos padroais farase de oficio polos servizos municipais.

A solicitude formalizarase mediante o modelo normalizado que figura como anexo I ao presente regulamento. Deberá ser presentada con 30 días naturais de antelación, no Rexistro de Entrada do Concello, achegando tamén os documentos de identidade dos solicitantes.

Se a solicitude non reunise todos os requisitos, o Concello comunicará ás persoas interesadas a non procedencia da súa tramitación, e se lles facilitará un prazo de 15 días para que resolvan as deficiencias da súa solicitude. No caso de que a solicitude estea completa tramitarase a petición, comunicándose ás persoas solicitantes, no prazo dun mes, o día e o lugar de celebración do acto.

Os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como padriños e/ou madriñas na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto a formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 7.– Celebración.

O acto de celebración do acollemento civil terá lugar no salón de Plenos da Casa do Concello ou noutra sala habilitada, e será presidido polo alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Procederáse á lectura ao neno/a e aos seus representantes legais e padriños/madriñas dalgún artigo da Declaración dos Dereitos do Neno/a, dos artigos 12 e 27 da Convención sobre os Dereitos do Neno/a, do artigo 24 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, e dos artigos 39.3 e 39.4 da Constitución Española, sen prexuízo da posibilidade de que as persoas solicitantes, padriños, madriñas ou autoridades poidan ler algún outro artigo ou texto relativo á natureza do acto.

Os representantes legais e padriños e/ou madriñas formularán compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen nese texto e na lexislación vixente.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amigos/as do neno ou nena, coas únicas limitacións que imponha o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.

O presidente/a, ou persoa en quen delegue, levantará acta, que será asinada polos representantes legais do neno ou nena e, no seu caso, polos padriños e/ou madriñas. Un exemplar da devandita acta será custodiado polo Concello de Ponte deume.

Artigo 8.– Protección de datos.

O tratamento automático dos datos que constan no concello requirirá o consentimento expreso das persoas que ostenten a patria potestade do/a menor e, en todo caso, as actuacións respectarán estritamente a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e transcorra o prazo de quince (15) días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACOLLEMENTO CIVIL NO CONCELLO DE PONTEDEUME

Don/dona
....., con documento de identidade n.º, e don/dona
....., con documento de identidade n.º
....., empadroados en

EXPOÑEN:

1. Que como pais/nais/titores da persoa menor de idade desexan celebrar o seu acto de acollemento civil.
2. Que reúnen todos os requisitos esixidos no artigo 5 do Regulamento de acollementos civís.

SOLICITAN:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A celebración do acto de acollemento civil para o día de de 20....

Asdo. (os solicitantes)

Documentos que achegan (risquen a correspondente):

- Fotocopia cotexada do Documento de identidade das persoas solicitantes
- Fotocopia cotexada do libro de familia ou certificación de nacemento, acollemento ou adopción.

Sr alcalde do Concello de Ponte deume"

SEGUNDO. Someter o antedito Regulamento municipal a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica municipal, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello de Ponte deume co obxecto de dar audiencia á cidadanía afectada e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O Acordo de aprobación definitiva tácita do Regulamento, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición das interesadas na sede electrónica deste Concello.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2022/6

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 25/04/2022

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 25 de abril de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000008

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sesión nº: 43/2019-2023

2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2022/6

A Secretaria da lectura a proposta de Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS F/2022/6.-

Expediente: 2022/G006/000078

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 20/04/2022 respecto das facturas incluídas na relación F/2022/6 incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2021 para os que no dito exercicio non había crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa presentación, se ben as facturas achegáronse xa no exercicio 2022

Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, unha por mes, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademáis que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: “1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto”.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 124/2022, asinado dixitalmente o 20 de abril de 2022, que se xunta ao expediente.

Tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado, postas tamén de manifesto por esta Alcaldía; a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición e a recente Lei de estabilización, a dificultade para a organización de determinados departamentos como consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asignadas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

durante o estado de alarma e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos, ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sen licitar por carencia de persoal para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a traballar para o cumprimento de varios obxectivos que pasan necesariamente por:

- Desenvolver as ofertas de emprego público, coas que preténdese poder cubrir dúas prazas de técnico, unha de xestión e outra de contratación, e poder impulsar os procedementos de contratación máis aló dos de investimentos, algún dos que xa teñen dende hai anos pregos contratados de forma externa e sobre os que xa se solicitou actualización de prezos por non ser posible a súa tramitación durante este tempo, para comezar coa mesma canto antes, priorizando estas tarefas sobre outras que se veñen realizando de cara a ir regularizando as irregularidades manifestadas nos informes de Secretaría e de Intervención.

- Reorganización novamente do persoal, xa que ao longo deste tempo fóronse implementando algúns cambios coa intención de mellorar o funcionamento dalgúns departamentos, cun éxito desigual desgrazadamente, o que requerirá no futuro da acomodación das funcións recollidas na RPT ás necesidades actuais, coa conseguinte

valoración de postos, etc.

Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para a contratación do subministro eléctrico, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes.

Dito o cal, a pesares de ter dado instrucións verbais para a súa tramitación en varias ocasións, esta non foi posible pola mencionada carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta Alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que interveñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, posto que isto suporía a paralización total do Concello; e se



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ben como se indica nos informes a situación da contratación é irregular, para encargar os servizos sempre se realiza proposta de gasto e se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos

do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto estanse a adoptar medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias.

No entretanto, e mentres non se acada a regularización total que se pretende, e porque en base ao exposto anteriormente non é posible acometer todo o traballo dunha vez, para este exercicio 2022 modificouse a base número 26 das bases de execución do orzamento regulando os contratos menores tratando de dar cumprimento dunha forma máis rápida e eficaz á súa tramitación, sendo que se está desenvolvendo tamén un novo procedemento de xestión de propostas de gasto para dar cobertura a determinados gastos que carentes de contratación van cumprir uns mínimos de retención de crédito e motivación do interese público a satisfacer en tanto non se poden regularizar para adaptalos totalmente á lei de contratos, pero avanzando cara a unha mellor tramitación e seguir dotando dun mínimo de garantías ao control do gasto. A máior abundamento, faise constar que a situación derivada da falta de persoal, fai que moitas das ditas tarefas administrativas sexan realizadas polos propios concelleiros e o Alcalde directamente, tanto solicitudes de subvencións, xustificacións das mesmas ou informes, coma escritos de contestación a requerimentos doutras administracións, chegando nalgunha ocasión a ter que ser os propios membros do goberno os que se adicaran a recoller o lixo, limpar o cemiterio municipal, pechar o mercado municipal, etc; o que denota claramente a imposibilidade que existe na actualidade de realizar con persoal desta administración gran parte do traballo diario, sendo máis que urxente unha modificación legal que permita a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición, única opción contemplada a día de hoxe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Sen lugar a dúbidas, esta modificación legal permitiría acometer os cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa. Logo de ver que no informe de Intervención se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que para este ano se teñen adoptado as medidas indicadas e se están dando os pasos de cara á súa implementación (contratos menores, licitación dos contratos con pregos xa contratados e xestión de propostas de gasto) se ben debe terse en conta que a dita implementación conleva un tempo de organización e se están dando os pasos necesarios para a súa posta en marcha e se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación; e isto tendo en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.

Tamén se está a traballar na negociación para dar cumprimento á Lei de estabilidade no emprego público e incluso nunha necesaria modificación puntual da RPT para dar cobertura a necesidades postas de manifesto polos distintos xefes do departamento, entre outras a amortización dun posto de auxiliar administrativo no servizo de Intervención para a creación dun posto de técnico de control financeiro, para acadar un mellor cumprimento do sinalado no RD424/2017; igualmente se están buscando solucións aos problemas de falta de persoal no caso da policía local e outras necesidades de cobertura de postos que se poidan ofertar neste ano 2022; e dar cobertura aos postos de administrativos e técnicos con novos funcionarios de carreira, mediante o desenvolvemento das ofertas de emprego público de 2019 e 2021, procesos para os que a día de hoxe xa están redactadas as bases que serán aprobadas por esta alcaldía sen máis dilación. Sobre isto, compre sinalar en relación co comentado anteriormente sobre a imposibilidade de ofertar novas prazas, que para poder convocar as prazas de técnico de administración xeral e técnico de contratación pola taxa de reposición, foi necesario aproveitar a xubilación dunha limpadora e un xardiñeiro, sacrificando polo tanto este concello esas dúas prazas para poder cubrir estas outras dúas, o que a todas luces supón unha merma de persoal en dous departamentos xa de por si menguados.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos cara ao cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, e regularizar a situación do persoal e a súa reorganización, así como desenvolver as contratacións de servizos, téndose delegado incluso algún expediente de contratación na Deputación da Coruña para a súa licitación, como por exemplo o de dependencia.

Así mesmo, na xunta de goberno local que se celebrará mañá xoves día 21 de abril, someterase a adopción do acordo a proposta relativa ao "CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OLEIROS EN MATERIA DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN PÚBLICA." para a tramitación dunha serie de expedientes de contratación, coa elaboración de informes para os pregos xa redactados, citados anteriormente.

Unha vez entre este en vigor, procederase de forma inmediata á elaboración dunha PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN, citando e calendarizando os contratos que serán licitados. Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, xa que por parte dos membros do

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Goberno “exprímense ao máximo” os fondos cos que contan en cada unha das áreas, tentando así optimizar ao máximo os recursos económicos cos que conta esta administración, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores, Tendo en conta a data do ano na que estamos e sendo fundamental aprobar as facturas pendentes unha vez realizado o peche contable de 2021

Tendo en conta ademáis que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, sendo que o orzamento total do concello en 2021 ascendía a 11.098.990,90 euros e as obrigas recoñecidas a 7.361.986,02 euros, polo que, de ter chegado anteriormente ao rexistro de facturas de intervención poderían terse tramitado logo de terse realizado a correspondente modificación orzamentaria, o que non se pudo realizar por non achegarse as facturas con suficiente antelación para iso,

Esta Alcadía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos, sen prexuízo de continuar mellorando a tramitación administrativa dos expedientes e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe total de **12.391,91** euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2021 e para as que existe crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación no exercicio 2022 e que se achegaron ao rexistro de facturas xa neste exercicio 2022:

Nº Entrada	Data	Nª doc.	Data Doc.	Importe	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/ 2022/15 6	10/01/20 22	21 2027	31/12/2021	72,36	32684164 Z	ATILAN O DOCE FEAL	PRODUCTOS DE LIMPEZA PARA COLEXIO COUCEIRO. DECEMBRO. D.ADX.	3231	22110
F/ 2022/35 4	02/02/20 22	2022003	28/01/2022	7702,26	B7048374 8	BIALBE RO S.L.	ILUMINACION NADAL TORREON E MERCADO DO 4 DE DECEMBRO AO 6 E	334	20300

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							XANEIRO E RETIRADA DO TORREON CADRO 750 ANOS O 23 DECEMBRO		
F/ 2022/35 8	02/02/20 22	9221000 176	28/01/2022	145,2	A2878293 6	UNIPRE X SAU	14 CUÑAS PUBLICITARIAS EN RADIO OS DIAS 2, 3 E 4 DE XULLO DE 2021. D.ADX.	430	22602
F/ 2022/39 2	08/02/20 22	0233202 2AN0000 0086	08/02/2022	6,12	A6614118 5	VIAQUA GESTIO N INTEGR AL DE AUGAS DE GALICIA , S.A.U.	CANON AUGA CASA DA CULTURA. 15- 09-2021 a 15-12- 2021	161	22501
F/ 2022/39 3	08/02/20 22	0233202 2AN0000 2447	08/02/2022	6,12	A6614118 5	VIAQUA GESTIO N INTEGR AL DE AUGAS DE GALICIA , S.A.U.	CANON AUGA ESCOLA BOEBRE. 09-09- 2021 a 10-12- 2021	161	22501
F/ 2022/39 4	08/02/20 22	0233202 2AN0000 2449	08/02/2022	6,12	A6614118 5	VIAQUA GESTIO N INTEGR AL DE AUGAS DE GALICIA , S.A.U.	CANON AUGA DUCHA PRAIA DE CENTROÑA. 13-09-2021 a 13- 12-2021	161	22501
F/ 2022/39 5	08/02/20 22	0233202 2AN0000 0093	08/02/2022	13,66	A6614118 5	VIAQUA GESTIO N INTEGR AL DE AUGAS DE GALICIA , S.A.U.	CANON AUGA ESCOLA DE OMBRE. 21-09- 2021 a 21-12- 2021	161	22501
F/ 2022/39 6	08/02/20 22	0233202 2AN0000 2452	08/02/2022	6,12	A6614118 5	VIAQUA GESTIO N INTEGR AL DE	CANON AUGA DUCHA PRAIA DE SOPAZOS. 06-09-2021 a 07-	161	22501

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

						AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	12-2021		
F/2022/397	08/02/2022	02332022AN00000091	08/02/2022	43,13	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA AV. RICARDO SANCHEZ. FOREMDES. 16-09-2021 a 16-12-2021	161	22501
F/2022/398	08/02/2022	02332022AN00000084	08/02/2022	11,05	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA POL. IND. VIDREIRO. 20-09-2021 a 20-12-2021	161	22501
F/2022/399	08/02/2022	02332022AN00002446	08/02/2022	6,12	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA DUCHAS PRAIA DE VER. 09-09-2021 a 10-12-2021	161	22501
F/2022/400	08/02/2022	02332022AN00000085	08/02/2022	6,41	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA FOGAR XUVENIL. ALAMEDA. 15-09-2021 a 15-12-2021	161	22501
F/2022/401	08/02/2022	02332022AN00000077	08/02/2022	43,71	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA CENTRO DE MAIORES. 15-09-2021 a 15-12-2021	161	22501
F/2022/402	08/02/2022	02332022AN00000078	08/02/2022	7,28	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGA ESCOLA CAMPOLONGO. 20-09-2021 a 20-	161	22501

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

						AL DE AUGAS DE GALICIA , S.A.U.	12-2021		
F/ 2022/46 8	15/02/20 22	FAC- 2021 351	30/11/2021	1415,7	B1507608 6	MONTAJ ES LESACA , SL	ALUGUER ANDAMIOS DO 15/10/2021 AO 19/11/2021 OBRAD DE MELLORA EN PAVILLON A CASQUEIRA.	342	20300
F/ 2022/48 9	21/02/20 22	R310005 35626	01/12/2021	59,29	A1547428 1	R.CABL E TELECO M.GALIC IA,S	20864251 cable 200 megas WIFI NOBA. 01-11- 2021 a 30-11- 2021	920	22200
F/ 2022/49 1	21/02/20 22	R310005 36800	01/12/2021	285,56	A1547428 1	R.CABL E TELECO M.GALIC IA,S	20846380, 20846387, 20846402. 100 MEGAS NOBA 01-11-2021 a 30- 11-2021	920	22200
F/ 2022/49 2	21/02/20 22	R310005 44343	01/01/2022	59,29	A1547428 1	R.CABL E TELECO M.GALIC IA,S	20864251 CABLE 200 megas WIFI NOBA. 01-12- 2021 a 31-12- 2021	920	22200
F/ 2022/49 3	21/02/20 22	R310005 45635	01/01/2022	285,56	A1547428 1	R.CABL E TELECO M.GALIC IA,S	20846380, 20846387, 20846402 100 MEGAS NOVA. 01-12-2021 a 31- 12-2021	920	22200
